



EDITORIAL

ANPE ESIXE AO GOBERNO PROPOSTAS MÁIS CONCRETAS E DE MAIOR CALADO PARA A MELLORA DA EDUCACIÓN QUE AS ANUNCIADAS NO DEBATE SOBRE O ESTADO DA NACIÓN.

Todas as iniciativas que supoñan aumentar os recursos tecnolóxicos son positivas, pero hai outras inversións prioritarias para dar resposta ás necesidades do sistema educativo.

A dotación de ordenadores presentada polo presidente do Goberno é unha medida puntual que non aborda nin de lonxe as actuacións que necesita o noso sistema educativo. O presidente fixo referencia tamén a un posible pacto pola educación que conteña medidas contra o fracaso escolar así como pola promoción da formación profesional. Estas últimas son as propostas que verdadeiramente teñen importancia e as que deben levarse á práctica de modo inmediato.

O presidente do Goberno anunciou no debate sobre o estado da Nación un programa de dotación informática para os alumnos e os centros. Unha medida de escasa ou nula repercusión en Galicia donde estas dotacións ai anos que foron abordadas. Tamén apuntou algunhas medidas de maior calado, como un posible Pacto de Estado pola Educación, ou un impulso á formación profesional. **ANPE desexaba escoitar tamén o anuncio da reforma profunda que necesita o noso sistema educativo.**

A preocupante situación da educación en España está denunciada pola OCDE e polos informes de avaliación internacionais. Existe xa un clamor social sobre a necesidade de mellorar o sistema educativo, rediseñar a súa estrutura, financeiro adecuadamente e apoiar aos seus profesionais. O goberno é o responsable de decidir e impulsar todas as medidas necesarias e por iso as súas propostas deben ter verdadeiro calado. O Pacto de Estado contra o fracaso escolar e pola formación profesional deben levarse inmediatamente á práctica e non diluírse nunha aportación de recursos informáticos xa cubertos.

ANPE esixe de novo, e para levar a cabo canto antes:

Un PACTO DE ESTADO que vertebre e cohesione o sistema educativo

Unha reforma eficaz que, partindo do reforzo ás materias instrumentais básicas e a aprendizaxe do inglés na ensinanza primaria, deseñe unha nova estrutura para a secundaria e o bacharelato e prestixie a formación profesional. A este respecto, **ANPE presentará a próxima semana unha proposta de acordo para a Formación Profesional.**

Potenciar un modelo educativo fundamentado na exixencia e no esforzo na aprendizaxe.

Poñer en marcha medidas de apoio e valoración do profesorado e impulsar un Estatuto Docente que deseñe unha carreira profesional.

Aumentar a porcentaxe de PIB destinado á educación ata o menos un 6%. A media nos países de la OCDE é de 5'8%.

A situación do sistema educativo precisa de actuacións decididas e urxentes. A calidade da educación perfílase como unha das actuacións fundamentais para superar a crise económica. ANPE esixe ao goberno que aborde con prioridade a mellora real do sistema educativo.

En Ourense, 12 de maio de 2009

Secretaría de Comunicación de ANPE Ourense S.I.